

# CEIP PRAIA XARDÍN

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

**Nome do centro:** CEIP Praia Xardín

**Código do centro:** 15001471

**Enderezo:** Rúa Praia Xardín, s/n, 15930, Boiro

**Teléfono:** 881866545

**Fax:** 881866548

**Correo electrónico:** ceip.praia.xardin@edu.xunta.gal

**Páxina web:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippraiaxardin>

**Etapas educativas:** Educación Infantil e Educación Primaria

**Alumnado:** 62 EI, 177 EP

**Profesorado:** 24

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Plan Dixital que se desenvolve no presente documento, foi deseñado para ser aplicado no CEIP Praia Xardín, situado no Concello de Boiro, na provincia de A Coruña.

Trátase dun Concello urbano, que conta con sete CEIP, un CPR e tres IES. O nivel socioeconómico das familias do alumnado que temos no centro é medio. A maioría do alumnado asiste ao comedor escolar e non fai pago do servizo, o que nos indica este nivel económico. Algún membro de moitas das familias do concello traballa en empresas conserveiras.

Este Plan toma como referencia as indicacións realizadas tanto no Proxecto Educativo do centro, como nas sucesivas Programacións Xerais Anuais; nas que se sinala como un dos obxectivos a “mellora da Competencia Dixital do alumnado” así como o “fomento no uso das ferramentas TIC por parte dos integrantes da comunidade escolar” .

Deste mesmo xeito, queda tamén enmarcado nas propostas realizadas no “Plan das TIC” do centro.

Tanto a PXA do vindeiro curso, así como Proxecto Educativo, que terá que ser reelaborado para adaptarse á LOMLOE, contemplarán as indicacións feitas no presente Plan Dixital, que se desenvolverá nas seguintes páxinas.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan Dixital tivemos presente a seguinte normativa:

- Artigo 111 bis, Artigo 121 e Artigo da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

- LOMCE: Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade da Educación.
- Currículos LOMCE de Educación Infantil en Galicia : Decreto 330/2009 do 4 de xullo.
- Currículos LOMCE de Educación Primaria en Galicia: Decreto 105/2014 do 4 de setembro.
- LOMLOE: Lei Orgánica 3/2022 do 29 de decembro, pola que se modifica a lei orgánica 2/2006 do 3 de maio.

Tivemos en conta que durante o proceso de elaboración deste documento para referirnos á competencia dixital, que nos atopamos nunha transición na aplicación de dúas normativas educativas LOMCE e LOMLOE. Será esta última aquela na que se comezará a aplicar este plan. Do mesmo xeito, aínda que no momento da elaboración deste documento, os currículos LOMLOE de Galicia non se atopaban oficialmente presentados, si se tiveron en conta as consideracións feitas nos borradores dos mesmos, tanto para a Educación Infantil como de Primaria, nos aspectos relacionados coa Competencia Dixital.

#### **1.4. Proceso de elaboración**

Para a elaboración do Plan Dixital constituíse un grupo de traballo formado por seis mestres do centro e solicitouse un PFPP.

Todo o proceso de elaboración estivo guiado e orientado polo mentor de zona ADIX Ribeira Félix Pimentel, que xunto cos seus compañeiros ADIX orientáronnos a través dun curso onde se propoñían tarefas para chegar ao produto final.

- Comezamos facendo o test SELFIE o profesorado e o alumnado entre os meses de novembro e decembro.
- No mes de marzo realizamos o profesorado realizou o test CDD. Estes dous test proporcionáronnos a información de partida do centro.
- A partir disto elaboramos un informe DAFO que nos proporcionou os datos precisos para elaborar o Plan de Acción establecendo un obxectivos realistas e asumibles polo centro para o vindeiro curso escolar.
- Finalmente elaborouse Plan Dixital que foi presentado e aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro no mes de xuño

## **2. Situación de partida**

### **Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais**

O CEIP Praia Xardín conta coa seguinte infraestrutura, equipamento e servizos dixitais:

#### **Infraestrutura dixital:**

- O centro conta con rede de conexión por cable LAN que abrangue a totalidade de espazos do centro agás a cociña, o ximnasio e o pavillón polideportivo e ten cando menos un conector de parede en tódalas aulas.
- O centro tamén conta con rede inalámbrica (sen fío), que aínda que está en funcionamento e permite a conexión, non sempre funciona adecuadamente.

- No referente a infraestrutura de voz, o centro conta con teléfono fixo en conserxería, secretaría, xefatura de estudos e dirección, así coma un teléfono inalámbrico.

### **Equipamento dixital:**

O centro conta co seguinte equipamento dixital:

<b>AULA</b>	<b>DISPOSITIVOS</b>	<b>DOTACIÓN</b>
Aula 4º EI	Ordenador Proxector	Equipamento: - ordenador enviado pola administración. - Proxector adquirido polo centro.
Aula 5º EI	Ordenador Proxector	Equipamento: - ordenador adquirido polo centro. - Proxector enviado pola administración.
Aula 6º EI	Ordenador Proxector	Equipamento: - ordenador adquirido polo centro. - Proxector enviado pola administración.
1º A	Ordenador Proxector PDI	Equipamento: - ordenador adquirido polo centro. - Proxector e PDI enviadas pola administración.
1º B	Ordenador Proxector PDI	Equipamento: - ordenador adquirido polo centro. - Proxector e PDI enviadas pola administración.
2º A	Ordenador Proxector PDI	Equipamento: - ordenador e proxector adquiridos polo centro. - PDI enviada pola administración.
2º B	Ordenador Proxector PDI	Equipamento: - ordenador e PDI adquiridos polo centro. - Proxector enviado pola administración.
3º	Ordenador Proxector	Equipamento: - Ordenador e proxector

	PDI	enviados pola administración. - PDI adquirida polo centro.
4º A	Portátil Proxector PDI	Equipamento enviado pola administración
4º B	Portátil Proxector PDI	Equipamento enviado pola administración
5º A	Portátil Proxector PDI	Equipamento enviado pola administración
5º B	Portátil Proxector PDI	Equipamento enviado pola administración
6º	Portátil Proxector PDI	Equipamento enviado pola administración
Inglés	Portátil Proxector PDI	Equipamento adquirido polo centro
Plástica	Portátil Proxector	Equipamento: - Portátil adquirido polo centro. - Proxector enviado pola administración.
Música	Portátil Proxector	Equipamento: - ordenador adquirido polo centro. - Proxector enviado pola administración.
Xefatura DO	Ordenador	Equipamento enviado pola administración
PT	Portátil	Equipamento adquirido polo centro
Relixión	Ordenador Proxector PDI	Equipamento: - Ordenador e proxector adquiridos polo centro - PDI enviada pola administración.
Biblioteca	5 ordenadores Proxector Equipo de radio	Equipamento: - 4 Ordenadores e proxector adquiridos polo centro. - 1 ordenador e equipo de radio enviados pola administración

Aula de Informática	29 CPU 12 kit dixitais que contan con portátil e router.	Equipamento: - 4 CPU enviados pola administración. - 10 CPU adquiridas polo centro. - 15 CPU donadas por PAIDEIA Os kits dixitais foron enviados pola administración.
Equipo directivo	3 Ordenadores + 1 ordenador persoa auxiliar administrativa	2 equipos enviados pola administración e 2 equipos adquirido polo centro.
Conserxería	Ordenador	Adquirido polo centro.

### Servizos dixitais:

O centro conta con:

- Páxina web, na dirección <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippraiaxardin>
- Aula virtual, na dirección <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippraiaxardin/aulavirtual/>

Para a comunicación coas familiar empregamos preferentemente a ferramenta abalar e en ocasións o correo electrónico gmail co que conta cada nivel e especialidade.

Do mantemento do equipamento dotado pola administración encárgase a UAC Do mantemento do resto do equipamento encárgase nun primeiro momento o equipo TIC, e se non é posible o arranxo, contactamos cunha empresa informática para solucionarlos e/ou arranxalos.

## 2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Resumo das áreas do informe SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	1				
	Profesorado	3				
	Alumnado	-				
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	1,7				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado	2,6				
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,3				
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	3				
	Alumnado	-				
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	-				
	Equipo Direct.	2,2				

<b>F- Pedagogía: Implementación na</b>	Profesorado	2,9			
	Alumnado	2,7			
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	1			
	Profesorado	2,2			
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Alumnado	-			
	Equipo Direct.	2			
	Profesorado	2,6			
	Alumnado	3			

## Test CDD:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	5	10	50%
<b>PROVISIONAL</b>	5	7	71,4%
<b>INTERINO</b>	3	6	50%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	3	66,7%
<b>OUTROS</b>	1	1	100%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
65,6	Integrador/a B1	76,4	Integrador/a B1

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>E. Inf.</b>	85	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
<b>E. Pri.</b>	56,3	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	2	12,5%
<b>A2</b>	8	50%
<b>B1</b>	5	31,3%
<b>B2</b>	=	=
<b>C1</b>	=	=
<b>C2</b>	1	6,3%
<b>TOTAL</b>	16	100%

**Outras fontes:** Para a análise do DAFO con esta información obtida nos test SELFIE e CDD fixemos unha análise cualitativa e cuantitativa dos resultados, así coma tamén analizamos os “por que?” dos resultados onde acadamos as maiores e menores puntuacións.



## 2.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>O centro conta cunha boa conexión a internet por cable. (C3 SELFIE)</li> <li>No centro hai dispositivos dixitais que o alumnado pode utilizar: os kits dixitais que enviou a Consellería para tal fin (12 kits). (C8 SELFIE)</li> <li>Diante da falta de equipos, hai persoal docente que emprega os seus dispositivos persoais na aula.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>A conexión inalámbrica, aínda que se cambiaron os routers, non sempre funciona.</li> <li>Os equipos cos que contamos na aula de informática son vellos e a Consellería non os repón.</li> <li>Os cañóns proxectores, as PDI e os equipos da maioría das aulas non funcionan correctamente.</li> <li>Aínda que o centro conta cos kits dixitais non habería dispositivos suficientes para dotar a tódolos alumnos que o precisan no caso dun confinamento.</li> <li>O coordinador TIC non é o suficientemente competente para solucionar moitas das incidencias que hai nos dispositivos dixitais do centro.</li> <li>Falta de formación máis específica no ámbito das TIC.</li> </ol>
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>O profesorado está formado e ten coñecementos para empregar ferramentas dixitais, que non sempre se empregan porque non dispoñemos dos equipos precisos e tamén pola idade do alumnado co que traballamos.</li> <li>O profesorado busca recursos dixitais en liña para traballar na aula. (E1 SELFIE)</li> <li>O profesorado crea contidos dixitais. (E2 SELFIE)</li> <li>O profesorado ten iniciativa para preparar materiais para a aula.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>No test CDD a metade do profesorado do centro que o fixo está nun nivel Explorador A2. (Ter en conta o exposto na fortaleza 1)</li> <li>Non se empregan ferramentas TIC para a avaliación. (G1 SELFIE)</li> <li>O profesorado non dispón do tempo necesario para formarse.</li> <li>Cada curso escolar cambia case a metade dos compoñentes do claustro.</li> </ol>
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>O conserxe ten formación e un nivel de coñecementos tecnolóxicos alto, incluso maior ca os docentes.</li> <li>Acolaboración do persoal non docente cos docentes e co alumnado é moi boa.</li> <li>A dispoñibilidade e interese por parte do persoal non docente para a súa formación dixital.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>A persoa auxiliar administrativa non conta coa formación actualizada para desempeñar a súa función.</li> <li>Debería fomentarse a formación para o persoal non docente no ámbito das TIC.</li> </ol>
	<b>ALUMNADO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Os coñecementos que ten o alumnado no uso de tecnoloxías dixitais no referido a móbil e táblet é alto.</li> <li>Curiosidade do alumnado polos recursos empregados no ordenador da aula.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Os coñecementos da maioría do alumnado para uso de ordenadores, aula virtual é baixo. Tan só usa a aula virtual o alumnado de 6º de EP.</li> <li>En tódolos apartados da área G do SELFIE (Prácticas de avaliación) o resultado é moi baixo.</li> <li>No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos dixitais. (H7 SELFIE)</li> <li>Falta de interese por parte do alumnado e das familias no uso dos contidos dixitais, a pesar de darlles as indicacións precisas, tendo que recorrer á obrigación para o seu uso.</li> <li>O uso que fan dos mesmos non é o axeitado.</li> </ol>
	<b>FAMILIAS</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>A maioría dos alumnos dispón de dispositivos dixitais para traballar fóra do centro. (Respostado polo 46% do alumnado e un 35% máis dispón dun dispositivo compartido que non sempre ten á súa disposición).</li> <li>A partir da pandemia as familias adquiriron equipos.</li> <li>Hai algunhas familias que estarían interesadas en recibir formación para o emprego das TIC.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>O profesorado considera que as familias non dispoñen de tantos dispositivos como o alumnado manifesta.</li> <li>Aínda dispoñendo de dispositivos dixitais, nin as familias nin o alumnado ten competencia para empregarlos.</li> <li>Pouco interese das familias por adquirir coñecementos relacionados coas TIC. A aula CEMIT do concello ofrece cursos relacionados co uso do abalar, a sede electrónica, ... e as familias non adoitan participar.</li> <li>Só se teñen preocupado polo seu uso cando non podían dispor de material funxible.</li> </ol>
	<b>OFERTA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>O emprego de recursos dixitais na aula, ben sexan de creación propia ou de búsqueda en internet, depende da iniciativa persoal do profesorado, que no noso centro é manifesta.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>A falta de tempo por horario, principalmente motivada pola xornada partida, impide unha maior formación por parte do profesorado.</li> <li>Falta de tempo para adicalo á procura do material máis axeitado, e máis aínda para a propia elaboración dentro do horario de traballo.</li> </ol>
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>O equipo directivo ofrece facilidades para o uso dos recursos dixitais dispoñibles no centro e liberdade de cátedra para o emprego dos dispositivos e recursos dixitais na aula.</li> <li>Todos os cursos académicos se crea un grupo de PFP, este ano adicado á radio escolar (no que se</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Falta de tempo por parte do profesorado (xornada partida, pouco cadro de profesorado que limita o número de horas de garda) para preparar recursos dixitais.</li> <li>O centro non conta con estratexia dixital definida. (A1 SELFIE)</li> <li>Debería haber liberación horaria para a coordinación</li> </ol>

	empregan tecnoloxías dixitais).	TIC.
--	---------------------------------	------

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A administración oferta cursos de formación para o profesorado.</li> <li>2. A UAC envía técnicos ao centro para as incidencias que hai nos equipos dotados pola Consellería.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A administración non dota dos recursos materiais suficientes ao centro.</li> <li>2. Aínda que o centro adique recursos económicos para paliar a falta de dotación por parte da administración, esta non se fai responsable nin do mantemento nin do arranxo destes equipos.</li> </ol>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A inclusión de obxectivos e estándares nos currículos escolares relacionados coas Tic favorecen a adquisición por parte do alumnado.</li> <li>2. Que se estableza un Plan Dixital para os vindeiros 10 anos manifesta o interese polo ensino dixital.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Tanto os cambios lexislativos (a inestabilidade) coma a falta de claridade nos mesmos implica non poder facer planificacións a longo prazo na estratexia dixital</li> </ol>
	<b>CONTORNA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. As entidades da contorna (o concello, a aula CEMIT, a ENAPA, o Colexio de Educación Especial) ofrecen formación, recursos e páxinas web que están á nosa disposición.</li> <li>2. O concello adoita colaborar co centro propondo actividades, facendo dotacións económicas e materiais e sería importante a súa colaboración tamén co centro na dotación de recursos económicos e materias relacionados coas tecnoloxías dixitais.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. É posible que tendo en conta o número de colexios e institutos que hai no concello a dotación deste para cada un deles non sexa a suficiente.</li> </ol>
	<b>ANPA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A súa colaboración na medida das súas posibilidades sería moi favorable para levar a cabo unha estratexia dixital de centro.</li> <li>2. Crear un espazo dentro da páxina web do colexio para difundir a súa información (actividades, saídas, ...)</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A falta de medios dixitais e de formación dificulta a súa labor no desenvolvemento da estratexia dixital de centro.</li> </ol>
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A fundación PAIDEIA visitou o centro e vista a falta de recursos materiais dotounos de equipos informáticos.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falta de coordinación entre as distintas entidades, asociacións .... á hora de establecer unha liña de traballo en común.</li> </ol>

## Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

### 2.3. Obxectivos, indicadores e accións

Así que fixemos a análise do informe DAFO propoñemos os seguintes obxectivos que pretendemos que sexan realistas e asumibles por toda a comunidade educativa para o vindeiro curso escolar e que recollemos nas seguintes táboas.

**“Área/s de mellora”: F- Pedagogía: implementación na aula, B- Colaboración e Redes, D- Desenvolvemento profesional continuo**

<b>1. OBXECTIVO :</b>	Uso da aula virtual do centro polo profesorado e polo alumnado.	<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	O claustro de mestres	<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	A aula virtual do centro é empregada de forma habitual polo profesorado e o alumnado.		
<b>Valor de partida</b>	Tan só emprega a aula virtual o profesorado e alumnado do 6º curso de E.P. (20%)		
<b>Valor previsto e data</b>	O alumnado e profesorado de tódolos cursos de E.P. realizara cando menos unha tarefa na aula virtual por trimestre. (100%)	Xuño 2023	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Creación dun curso de formación na AV</b>	Administrador/a aula virtual	setembro de 2022	Equipamento informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Formación do profesorado que o precise e do alumnado no uso da aula virtual.</b>	Coordinador TIC	31 de outubro de 2022	Aula de informática, equipos informáticos e conexión a internet. Docencia por parte dalgún mestre do centro.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>AO1.3: Proposta de tarefas na aula virtual.</b>	Tódolos mestres de primaria, especialmente os titores	Xuño de 2023	Equipos informáticos e conexión a internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**“Área/s de mellora”: D- Desenvolvemento profesional continuo, B- Colaboración e redes, F- Pedagogía: implementación na aula**

<b>2. OBXECTIVO :</b>	Solicitar o programa EDIXGAL para implantalo no centro no curso 2023-2024 e un PFPP de formación	<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador Plan Dixital	<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	O centro incorpórase á rede de centros EDIXGAL nos cursos de 5º e 6º de E.P. % do profesorado participa no PFPP.		
<b>Valor de partida</b>	O centro non forma parte da rede EDIXGAL. (0%) Profesorado no PFPP (0%)		
<b>Valor previsto e data</b>	No centro os cursos de 5º e 6º de E.P. incorpóranse ao programa EDIXGAL. (100%) Profesorado que participa no PFPP (60%)	Maio 2023	

**ACCÍONS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLE S	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO2.1: Solicitud do programa EDIXGAL.</b>	Coordinador Plan Dixital e Directora	Marzo-Abril de 2023	Equipo informático e conexión a internet; aprobación do claustro e do consello escolar. Cumprimentación da solicitude.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.2: Solicitud dun PFPP de formación en EDIXGAL para o profesorado que o desexe.</b>	Coordinador do PFPP Envía a solicitude a Directora	Outubro de 2022	Inscripción en FProfe e formularios.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>AO2.3: Contacto co CEFORE para buscar relatores que impartan a docencia.</b>	Coordinador do PFPP	Segundo trimestre do curso 2022-2023	Aula de informática, equipos informáticos e conexión a internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.4: Realización do PFPP de formación en EDIXGAL.</b>	Claustro de mestres	Xuño de 2023	Aula de informática, equipos informáticos e conexión a internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”: C- Infraestructura e equipos.</b>							
<b>3. OBXECTIVO :</b>	Actualizar e expurgar o equipamento informático.					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Actualización dos equipos informáticos e expurgo dos inservibles.						
<b>Valor de partida</b>	O centro conta con moitos equipos informáticos que non funcionan: na aula de informática, nas aulas de titoría, ... (50%)						
<b>Valor previsto e data</b>	Retirar os equipos que están en mal estado (100%) e repoñer este equipamento. (100%)				Xuño 2023		
<b>ACCIÓN S A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN</b>	<b>RESPONSABLE S</b>	<b>DATA PREVISTA FIN</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>	<b>ESTADO</b>		
<b>AO3.1: Solicitar á UAC dar de baixa os equipos que están en mal estado.</b>	Directora	Outubro de 2022	Listaxe dos equipos que están en mal estado, dispositivo dixital e conexión a internet.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO3.2: Reposición do equipamento informático do centro.</b>	Equipo directivo	Decembro de 2022	Dispoñibilidade de AMTEGA		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		



<b>“Área/s de mellora”: F- Pedagogía: implementación na aula. H- Competencias dixitais do alumnado</b>							
<b>4. OBXECTIVO :</b>	A totalidade do alumnado participa nun proxecto interdisciplinar anual					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Directora e persoa coordinadora do Proxecto Interdisciplinar					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Todo o alumnado participa no proxecto interdisciplinar anual e o alumnado de EP.. emprega ferramentas TIC						
<b>Valor de partida</b>	O centro conta cun proxecto interdisciplinar anual (este curso sobre “O Río”), mais moi pouco alumnado emprega os recursos TIC. (10%)						
<b>Valor previsto e data</b>	Que o alumnado de E.P. ademais de participar no Proxecto empregue recursos TIC. (40 %)				Xuño 2023		
<b>ACCÍONS A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN</b>	<b>RESPONSABLE S</b>	<b>DATA PREVISTA FIN</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>	<b>ESTADO</b>		
<b>AO4.1: Propor e acordar o Proxecto Interdisciplinar co que traballar ao longo do curso escolar 2022-2023.</b>	Claustro	Setembro de 2022	Lugar para reunirse e votación		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO4.2: O alumnado busca e selecciona información en internet.</b>	Mestre de cada grupo	Xuño de 2023	Dispositivo dixital e conexión a internet.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		

<b>AO4.3: O alumnado elabora produtos dixitais.</b>	Mestres responsables de cada grupo	Xuño de 2023	Dispositivos dixitais e conexión a internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.4: Difusión das actividades realizadas na páxina web co centro.</b>	Mestres que teñan acceso á publicación na web: Equipo directivo, coordinador TIC, ...	Xuño de 2023	Dispositivo dixital e conexión a internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”: B- Colaboración e redes</b>							
<b>5. OBXECTIVO :</b>	A ANPA difunde a súa actividade na páxina web do centro.					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	A directora do centro e ANPA					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	A ANPA emprega o seu menú na páxina web do centro para dar a coñecer a súa actividade.						
<b>Valor de partida</b>	Actualmente a ANPA non conta cun menú na páxina web do centro. (0%)						
<b>Valor previsto e data</b>	A ANPA emprega o seu espazo na web do centro para dar difusión á súa actividade. (100%)				Xuño 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
<b>AO5.1: Crear un menú na web do centro para a ANPA.</b>	Administrador da páxina web.	Setembro de 2022	Dispositivo dixital e conexión a internet.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO5.2: A ANPA emprega a web do centro para dar a coñecer información, actividades, ... que realizan.</b>	ANPA	Xuño de 2023	Dispositivo dixital e conexión a internet.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		



**“Área/s de mellora”: E- Pedagogía: apoios e recursos , F- Pedagogía: implementación na aula, H- Competencia dixital do alumnado**

<b>6. OBXECTIVO :</b>	Manexo adecuado do uso da radio.	<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC, coordinador Biblioteca, responsable da radio escolar.	<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de alumnado que emprega programas de gravación/edición.		
<b>Valor de partida</b>	0% de alumnado emprega programas de gravación/edición.		
<b>Valor previsto e data</b>	O alumnado de 5º e 6º sabe empregar programas de grabación e edición de produción. (100%)	Xuño 2023	

**ACCIÓN A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLE S	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A06.1: Aprender a manexar o Audacity.</b>	Coordinador TIC	Febreiro de 2022	Dispositivo dixital co programa audacity e conexión a internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A06.2: O alumnado busca recursos audiovisuais en internet.</b>	Coordinador TIC, mestres titores	Xuño de 2023	Dispositivo dixital e conexión a internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A06.3: Gravación e</b>	Responsable de radio escolar,	Xuño de 2023	Radio escolar, dispositivo dixital e programa Audacity.		<b>Realizada</b>	

<b>edición de producción.</b>	coordinador TIC, Mestres titores.				<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A06.4: Difusión do produto final na páxina web do centro.</b>	Coordinador TIC, equipo directivo	Xuño de 2023	Equipo dixital e conexión a internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**“Área/s de mellora”: H- Competencias dixitais do alumnado**

<b>7. OBXECTIVO :</b>	O alumnado aprende a dar crédito á información que atopa en internet e coñece a importancia dos dereitos de autor.	<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC, coordinador Biblioteca, responsable da radio escolar.	<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de alumnado de 5º e 6º que sabe o que son os dereitos de autor e identifica páxinas e recursos libres de dereito		
<b>Valor de partida</b>	O alumnado de 5º-6º non ten coñecementos sobre licencias. (0%)		
<b>Valor previsto e data</b>	O alumnado de 5º e 6º de EP coñece páxinas nas que dispón de recursos libres de dereitos(100%)	Xuño 2023	

**ACCIÓN S A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLE S	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A07.1: Aprender a facer búsquedas en internet e identificar páxinas que ofrecen recursos libres de dereito.</b>	Mestres titores de 5º e 6º de EP	Decembro de 2022	Dispositivo dixital co programa audacity e conexión a internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A07.2: O alumnado recoñece cando os recursos dunha páxina web están libres de dereito.</b>	Coordinador TIC, mestres titores	Xuño de 2023	Dispositivo dixital e conexión a internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”: B- Colaboración e redes</b>							
<b>8. OBXECTIVO :</b>	Crear un banco de recursos dixitais compartido polo profesorado do centro na rede Agueiro.					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC e profesorado do centro					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	% do profesorado que comparte os seus recurso dixitais co resto de compañeiros e tamén emprega os que outro profesorado comparte						
<b>Valor de partida</b>	O profesorado comparte os seus recursos dixitais. (0%)						
<b>Valor previsto e data</b>	O profesorado publica en Agueiro os seus recursos e ten acceso aos do resto do profesorado do centro.(100%)				Xuño 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN</b>	<b>RESPONSABLE S</b>	<b>DATA PREVISTA FIN</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>	<b>ESTADO</b>		
<b>AO8.1: Formación en Agueiro</b>	Coordinador TIC e/ou calquera mestre que xa empregara a rede Agueiro	Novembro de 2022	Aula de informática con dispositivos dixitais e conexión a internet.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO8.2: Tódolos mestres suben recursos persoais a Agueiro para compartilos.</b>	Profesorado que xa traballara con Agueiro.	Xuño de 2023	Dispositivo dixital e conexión a internet.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		



**“Área/s de mellora”: H- Competencias dixitais do alumnado.**

<b>9. OBXECTIVO :</b>	Facer ao alumnado coñecedor dos riscos da internet e das redes sociais.	<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo	<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	% de alumnado de 3º a 6º que coñece a lexislación de referencia en redes sociais e o alumnado fai un uso responsable das mesmas.		
<b>Valor de partida</b>	0% de alumnado de 3º a 6º coñece os límites con respecto a comentarios a publicacións e fai un uso responsable de redes sociais.		
<b>Valor previsto e data</b>	80% do alumnado de 3º a 6º de EP é coñecedor dos riscos de internet, da lexislación básica sobre uso de redes sociais, e que tipo de comentarios pode compartir nas redes.	Xuño 2023	

**ACCÍONS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A09.1: Facer charlas formativas sobre o uso adecuado das redes sociais e a lexislación básica para o seu coñecemento .</b>	Asociacións relacionadas coa temática ou Policía Nacional.	Febreiro de 2023	Aula do centro e persoa/s que impartan a charla e de ser o caso dispositivos dixitais (ordenador, proxector)		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A09.2: Coñecer os riscos de uso das redes.</b>	Profesorado ou persoas externas que os expoñan.	Xuño de 2023	Aula do centro.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## 2.4. 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnológicas

Despois do sinalado anteriormente no apartado 2.1 “Infraestructura, equipamento e servizos dixitais”, solicitamos:

- Reposición das PDI das aulas de 1º A, 1º B, 2º A e 2º B, debido a que son pantallas que non funcionan correctamente e resulta complexo poder empregarlas no traballo diario coa finalidade de que o alumnado poida realizar actividades interactivas empregando as PDI. A PDI da aula de 2º A non funciona.
- Dotar ás aulas de EI de PDI e cando menos unha aula de PT e unha aula de AL de ordenador e PDI, para que este alumnado dada a súa peculiaridade, dispoña deste equipamento porque lle resulta moito máis atractivo e motivante no seu traballo diario.
- Dotar á aula de informática de cando menos 10 CPU, pois tanto os equipos mercados polo centro como os donados pola fundación PAIDEIA son usados e concretamente os que mercou o centro xa teñen unha idade considerable. A aula de informática case non se usa polo funcionamento dos equipos. A finalidade clara desta dotación sería que a totalidade do alumnado do centro, especialmente o de educación primaria acudise á aula de informática con asiduidade para realizar todo tipo de tarefas relacionadas co currículo e poidan adquirir a competencia dixital que se pretende.
- Equipos portátiles para as aulas de 6º B e plástica porque os que teñen actualmente non funcionan (6º B) ou vai moi lento (plástica) coa finalidade de que o profesorado poida empregarlos na aula. Na aula de 5º o portátil ten estropeado o carácter “r”, aínda que polo momento pode empregarse.

## Avaliación do plan

A avaliación do Plan Dixital será levada a cabo polo equipo dixital do centro en colaboración co equipo de Dinamización das TIC e coordinado polo coordinador do Plan Dixital.

Esta avaliación levarase a cabo en dous momentos:

- **Avaliación procesual:** Realizarase unha reunión trimestral para valorar o estado da execución das accións, a análise e avaliación dos resultados, e de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de traballo.
- **Avaliación final:** Ao finalizar o curso escolar levarase a cabo unha avaliación final para valorar o grado de consecución dos obxectivos establecidos e as propostas de mellora.

## 3. Difusión do plan

Este Plan Dixital será difundido a toda a comunidade educativa para o seu coñecemento a través da páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippraiaxardin>